

# XENEALOXÍA DUNHA INSTITUCIÓN: CONSELLO DA CULTURA GALEGA E RÉXIME AUTONÓMICO

Ramón Villares  
Consello da Cultura Galega

**Resumo:** Este artigo ocúpase das orixes do Consello da Cultura Galega, unha institución que nace co réxime autonómico galego e que posúe un trazo orixinal no contexto das autonomías formadas en España a partir da transición democrática. Esta institución posúe un rango estatutario e foi desenvolvida por unha das primeiras leis que aprobou o Parlamento galego, que fixou a súa composición e principais obxectivos, entre os que figura o mandato de “preservar os valores culturais do pobo galego”.

**Abstract:** This article deals with the origins of the Consello da Cultura Galega (Council for Galician Culture). This institution was created with the autonomous Galician regime and it has a unique feature in the context of autonomy in Spain after the democratic transition. This institution has a statutory range and it has been developed by one of the first laws that were approved by the Galician Parliament, which set its composition and main objectives. One of this includes the mandate to “preserve the cultural values of the Galician people”.

**Palabras chave:** cultura institucional, autonomía, transición democrática.

**Key words:** institutional culture, autonomy, democratic transition.

A creación do réxime autonómico supuxo un notable esforzo por dotar de arquitectura institucional unha comunidade política como a galega que, a diferenza das outras nacións galeuzcanas, carecía de precedentes neste sentido. As institucións autonómicas catalás creadas a partir de 1977 tiñan referentes claros nos tempos da II República e mesmo no exilio e, alén diso, gozaban dunha longa tradición histórica de raíces medievais (*Les Corts* e a *Generalitat*). Algo semellante acontecía con institucións autonómicas vascas, tamén cun goberno constituído en outubro de 1936, que dirixiu durante algo menos dun ano a loita

militar contra o exército franquista e que, despois do “pacto de Santoña”, se mantivo con notable solidez no exilio ata a morte de Franco. Ademais, o precedente das deputacións forais, moi activas no século XIX, xa consolidaran as provincias vascongadas como un “corpo político” de seu.

Galicia dispuña, certamente, dalgúns precedentes. Eran as *Juntas del Reino de Galicia* e a *Real Audiencia de Galicia*, institucións máis de goberno que de representación política pero que, na autorizada opinión de Murguía, eran a expresión mínima dun autogoberno galego na época moderna. Non obstante, as súas funcións e competencias non abondaban para soste sobre elas a creación do que se chama un “corpo político” específico. Por esta razón, a reivindicación dunha autonomía “integral” polo rexionalismo político galego e as correntes federalistas foi o substrato que acabou por conformar o moderno nacionalismo das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. O plebiscito dun Estatuto de Autonomía en xuño de 1936 e a constitución no exilio americano dun Consello de Galiza, presidido por Castelao, foron importantes pasos nesta dirección, porque tiñan o propósito de equipararen a situación política de Galicia coa que mantiñan no exilio tanto Cataluña coma Euskadi.

Estes precedentes, máis ou menos coñecidos polas forzas políticas de oposición e protagonistas do proceso de transición á democracia en Galicia, foron a base na que se sustentou o proceso de institucionalización da autonomía galega, primeiro na forma de “preautonomía” a partir de abril de 1978 baixo a presidencia de Antonio Rosón e, poucos anos despois, mediante a constitución dun réxime autonómico pleno, fundado no Estatuto de Autonomía aprobado en referendo popular en decembro de 1980. En aplicación do Estatuto foron convocadas as primeiras eleccións autonómicas galegas (outubro de 1981), que deron lugar ao Parlamento de Galicia como poder lexislativo e á Xunta de Galicia como poder executivo. Comezaba daquela o primeiro goberno galego propiamente autonómico.

Sobre estes pasais foi cruzado o río que dividía o réxime centralista da época franquista do réxime descentralizado que caracteriza o “Estado das Autonomías”. Na posta en marcha das institucións autonómicas, unha vez deseñadas as institucións de goberno, comezou o labor do que Agustín Sixto Seco, en carta particular a Filgueira Valverde (20/IX/1982) chamaría “un sólido edificio erguido sobre catro pilares”: a Lei de Sedes (“conseguida xa”), a Lei de Normalización Lingüística (LNL), unha Lei de Ordenación do Territorio para lograr a “unidade das terras do País Galego” e a “protección da cultura”, a través dunha Lei que desenvolvese a institución do Consello da Cultura Galega (CCG). A tramitación no Parlamento das leis relativas á LNL e ao CCG foi case coetánea, o que revela que a construción da autonomía tivo como un dos seus primeiros obxectivos dotar de arquitectura institucional o ámbito da lingua e, en xeral, da cultura.

Daqueles catro piares, a única institución claramente citada no texto estatutario era o CCG, que pasou a formar parte, deste modo, dos cimentos do réxime autonómico, o que explica que fose tamén a primeira institución cultural creada polo autogoberno galego.

Esta rápida aparición do CCG é unha mostra evidente da importancia que a cultura tiña para as elites políticas que comandaron os primeiros pasos do réxime autonómico. A cultura galega como valor identitario e como instrumento de mobilización social e política desempeñara un papel esencial non só como ariete do antifranquismo senón tamén como un proxecto de construción nacional. A aparición de asociacións culturais en Galicia, como *O Galo* (Compostela, 1961), *O Facho* (A Coruña, 1963) ou a *Asociación Cultural* (Vigo, 1965), entre moitas outras que seguiron o ronsel aberto por estas tres entidades pioneiras, revela que conciencia nacional, loita antifranquista e preparación de novas xeracións para o futuro eran ideas compartidas por moitos dos impulsores deste asociacionismo, entre os que destacaba claramente a pegada do galeguismo cultural espallado a partir do grupo Galaxia, como se pode comprobar na exposición e catálogo promovida polo Consello da Cultura (Gurriarán 2012). A esta floración asociativa engadiuse a notable presenza pública de intelectuais que, na conxuntura da transición democrática e de preparación da autonomía, serviu de referente para boa parte das decisións estratéxicas que os principais partidos políticos, na súa esmagadora maioría de obediencia “non galega”, deberon tomar á hora de deseñar o marco institucional da autonomía. A cultura actuou, por tanto, como unha argamasa que lle comezou a dar solidez e mesmo significado ao proceso político que conducía á autonomía, mediante un proceso de institucionalización dos seus referentes culturais, dos que ou ben carecía ou ben ficaran choídos pola guerra civil de 1936, como fóra o caso do Seminario de Estudos Galegos.

En realidade, esta foi a primeira ocasión en que, nos tempos modernos, logrou Galicia dotarse de institucións propias, de carácter público, no campo da cultura, de forma paralela ao que acontecía nas áreas de goberno e de representación cidadá. Unha sociedade vale o que valen as súas institucións representativas, incluídas de forma preferente as de natureza e fins culturais. Á altura de 1975, existían en Galicia numerosas institucións culturais, privadas ou públicas, como eran as diferentes Academias (nomeadamente, a Real Academia Galega (RAG), fundada en 1906), algunhas fundacións ou asociacións culturais de forte valor simbólico (Padroado Rosalía de Castro, Fundación Penzol...) e, obviamente, centros educativos, culturais e de investigación dependentes da administración estatal ou local, como a Universidade de Santiago, os institutos do CSIC e outras institucións (Museos, Bibliotecas e Arquivos provinciais). Pero a novidade que achegou o réxime autonómico foi xustamente a creación dunha institución nova, de rango estatutario, que debía ser lugar de mediación entre os actores da cultura

e os actores da política. Esa institución foi o Consello da Cultura Galega. No seu deseño participaron moitas persoas de moi variada procedencia ideolóxica e institucional. Con todo, se houbera que escoller unha que claramente influíu no proceso de institucionalización da cultura galega no século vinte, esa sería Xosé F. Filgueira Valverde. Abonde lembrar o seu protagonismo na fundación do Seminario de Estudos Galegos en 1923 e no Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” en 1944, pero tamén na transformación da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra no Museo de Pontevedra, que dirixiría desde 1942 e, finalmente, no deseño do Consello da Cultura Galega.

Neste artigo, enfiado a propósito da figura de Filgueira no marco das institucións culturais galegas, propóñome reconstruír o proceso histórico de creación do Consello da Cultura, tratando de responder a tres cuestións que estimo esenciais. En primeiro termo, a inclusión desta institución, de forma expresa, no articulado do Estatuto de Autonomía, decisión certamente orixinal en perspectiva comparada. A segunda cuestión será analizar como se elaborou e aprobou a Lei do Consello da Cultura, prevista no artigo 32 do Estatuto, deixando sen desenvolver outra medida prevista polos estatuíntes, que era o Fondo Cultural Galego. E, en terceiro lugar, rematarei cunhas breves alusións á evolución do CCG durante os seus primeiros anos de existencia, con debates intensos dentro e fóra dos seus muros sobre obxectivos, fins e sentido da institución. Nestes tres asuntos, a figura de Filgueira Valverde está ausente no primeiro, presente de forma central no segundo e, con desigual protagonismo, tamén no terceiro dos pasos a considerar. Un exame, mesmo parcial, do seu arquivo particular, depositado pola familia no Museo de Pontevedra, permitiu dispoñer de respaldo documental para a análise dun proceso que, malia ser recente e viviren aínda moitos dos seus protagonistas, non está libre de interpretacións que se parecen máis a boatos que a unha análise rigorosa do proceso seguido para a aparición e desenvolvemento do Consello da Cultura. Da parte substancial deste proceso xa me ocupei nun texto anterior (Villares 2015) que aquí retomo e reelaboro substancialmente.

## UNHA INSTITUCIÓN CULTURAL DE RANGO ESTATUTARIO

Nunha das primeiras sesións do *Consello asesor da cultura galega* creado polo conselleiro Filgueira Valverde para desenvolver o mandato previsto no Estatuto de Autonomía no seu artigo 32, Isaac Díaz Pardo solicitou que se distribuíse entre os membros da xuntanza un texto coordinado algúns anos antes polo daquela vicerreitor da Universidade de Santiago de Compostela, Manuel C. Díaz y Díaz (*Galicia 2002* 1978), por consideralo interesante para darlle forma á futura institución. O seu coordinador, que tamén formaba parte do consello asesor, ofreceuse de contado a facilitar exemplares da publicación, sen que teñamos constancia

ata que punto foi tida en conta nos seus debates. Pero se reparo neste detalle é para comprobar en qué medida, á altura de 1977, estaba no ánimo das elites da cultura a creación dunha alta institución como o CCG, antes de que este fose incluído finalmente no texto estatutario.

A demanda de Díaz Pardo parecería ir nesta dirección, pero un exame do libro *Galicia 2002* revela que as preocupacións dos asistentes a aqueles debates coordinados por Díaz y Díaz andaban ben lonxe do que mesmo *in nuce* era o CCG. Reparemos nos asistentes (que foron catorce en total, incluído o coordinador) e nalgunhas das súas propostas. Era notable a presenza de intelectuais acumulados xa daquela como galeguistas “históricos”, tal que Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Xosé Luís Franco Grande, Celestino Fernández de la Vega, Camilo Gonsar, Carlos Casares, pero tamén Luís Seoane, Díaz Pardo, Xosé M. Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Tomás Barros, Felipe Fernández Armesto ou o propio Filgueira Valverde. Durante cinco sesións faláronse de case todo e trataron de definir o ser de Galicia e de imaxinar (de aí o título do libro) cal sería o seu porvir a vinte e cinco anos vista. Pero cando trataron de imaxinar institucións culturais, os máis atrevidos, como Seoane, pensaban nun “Instituto Central de Iniciativas Populares” concibido como apoio de técnicos ás demandas populares das xentes da Terra e do Mar (*Galicia 2002* 1978: 110); Franco Grande propuña que os gobernantes futuros deberían consultar a un “Senado ou Consello de Intelixentes” (1978: 125) e, de forma máis concreta, Díaz Pardo matínaba en “recuperar o Seminario de Estudos Galegos” (1978: 93). Aínda que ese “Consello de Intelixentes” se podería asemellar vagamente cun areópago cultural, a distancia co que poucos anos máis tarde sería o CCG é meridiana. Non existen, pois, evidencias empíricas de que houbera unha reivindicación desta natureza por parte dos grandes núcleos organizados da cultura galega naquela altura, nomeadamente o grupo Galaxia e o grupo Sargadelos, dos que procedía a maioría de asinantes dos manifestos políticos publicados entre 1977 e 1980 e, tamén, moitos dos participantes neste debate coordinado por Díaz y Díaz. E tampouco hai constancia de que, desde as campas do novo nacionalismo, que posuía unha grande capacidade de mobilización a través do asociacionismo cultural, se fixesen propostas deste estilo, o que resulta máis coherente dada a súa estratexia antiautonomista. As augas correran, de forma algo inesperada, por outras canles.

Aínda que pareza algo semellante ao “ovo de Colón”, é claro que a aparición do CCG foi obra material dos redactores finais do proxecto de Estatuto, con especial protagonismo dos sectores da Unión de Centro Democrático (UCD) menos próximos ao galeguismo “histórico”. Estes sectores, dirixidos por José Luís Meilán Gil, estaban claramente enfrontados nos tempos da preautonomía ao presidente Antonio Rosón e ao ministro Pío Cabanillas, cos que os galeguistas “históricos” trazaran unha sólida alianza táctica, patente desde a elección de Rosón como

presidente da preautonomía (abril de 1978) ata a configuración da frustrada candidatura de Xosé María Suárez Núñez nas primeiras eleccións ao Parlamento galego (verán de 1981). Alén diso, a aparición dunha institución deste estilo era unha clara competencia con outros organismos daquela xa existentes (Real Academia Galega) ou que estaban en vías de creación *ex novo* (Museo do Pobo Galego) ou ben de seren restaurados naquela altura (Seminario de Estudos Galegos). Algunhas destas institucións, case coetáneas ao proceso autonómico, tiñan notable influencia da tradición cultural e política do galeguismo da época republicana e tamén eran moi prezadas polo novo nacionalismo.

Esta ausencia de reivindicación dunha institución autonómica que se ocupase do estado da cultura e dos seus valores podería explicar que non se mencionase no texto estatutario. Pero a cuestión é xustamente a contraria: analizar por que apareceu e por quen foi incluída, tendo en conta que non contaba con ningún precedente na lexislación autonómica española. En efecto, nos estatutos catalán e vasco, que serviron de referente para a elaboración do texto galego, non hai ningunha mención a unha institución análoga á prevista para Galicia e, mesmo, pasarían moitos anos para que entidades con algunha analoxía coa galega se creasen naquelas nacionalidades históricas: o *Consell Nacional de la Cultura i de les Arts* foi creado en Cataluña por lei en 2008 e o *Plan Vasco de Cultura* data de 2004. A ausencia desta institución nos estatutos vasco e catalán, tan influentes noutros aspectos, pode explicar o silencio que sobre este punto ten o coñecido como *Estatuto dos Dezasais*, obra dunha comisión moi plural e con certa sensibilidade galeguista, creada a instancias do presidente Antonio Rosón, que elaborou un anteproxecto entregado en abril de 1979. Neste texto hai unha longa lista de competencias atribuídas á Comunidade Autónoma galega (artigo 23), entre as que figuran as relativas ao “patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, científico e monumental de interese para Galicia”, así como mencións de varios organismos de xestión da cultura (arquivos, museos, bibliotecas, conservatorios e escolas de artes...), incluídas explícitas referencias ao Panteón de Galegos Ilustres e ao Museo do Pobo Galego. Non obstante, non hai alusión a ningunha institución cultural que se poida presupoñer como precedente do futuro CCG.

Foi no proxecto de Estatuto elaborado por unha “ponencia” de nove membros, nomeada pola Asemblea de Parlamentarios en maio de 1979, onde aparece por primeira vez a futura institución cultural. Neste proxecto, aprobado en xullo de 1979 e moi axiña remitido á Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados para a súa discusión, o seu artigo 26 dispoñía que “mediante lei do Parlamento, se constituirá o Consello da Cultura Galega”, para engadir algo substancial sobre a súa composición, pois sinala que nel “poderán integrarse as entidades de fins coincidentes que teñan a súa sede dentro ou fóra do territorio de Galicia”,

o que parece unha clara alusión á posibilidade de que organismos societarios da emigración puideran ser incorporados a esta nova institución. Nalgunhas crónicas coetáneas aludíuse a que esta proposta estaba inspirada por Ramón Piñeiro ou que, como aseguraba na súa sección “Con acento gallego” o xornalista José Martínez Couso, “la idea de crear un Consello da Cultura Galega quedó en el Estatuto como aportación de Pío Cabanillas” (*Faro de Vigo*, 4/IX/1983). Non obstante, o único dirixente político da época que reivindicou expresamente esta paternidade foi Meilán Gil, segundo confirmou na súa intervención no congreso dedicado en 2009 á figura de Ramón Piñeiro: “no existía precedente del Consello da Cultura Galega, que se incluyó en el Estatuto por mi iniciativa persoal” (Meilán 2009: 29). No debate parlamentario ulterior na Comisión Constitucional houbo unha modificación que non altera a idea inicial do proxecto, de modo que no Estatuto finalmente aprobado en referendo recóllese no seu artigo 32 que “correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega”.

As razóns desta inclusión estatutaria non están de todo aclaradas, aínda que non sería difícil supoñer que se deben a dous motivos complementarios. Un pode ser debido á influencia que o dereito anglosaxón exerceu sobre algúns parlamentarios constituíntes, como Miguel Herrero de Miñón, Miquel Roca ou o propio Meilán, á hora de articular a diversidade territorial española en clave máis plurinacional que federal, proceso do que existen abondosos rastros nos seus textos doutriniais e libros de memorias. Nesta perspectiva ideolóxica, o recoñecemento e protección das identidades culturais é tan relevante como o seu status político. Un segundo motivo podería cualificarse como claramente táctico, aínda que de escaso respaldo documental. Como fica ben claro no texto de Meilán Gil citado anteriormente, as súas relacións con Piñeiro e co galeguismo “histórico” distaban de seren fluídas, dado que “el contacto con los galleguistas piñeiristas se procuró por los menos autonomistas de los parlamentarios”, en clara alusión ao sector de Pío Cabanillas (Meilán 2009: 31). Cómpre advertir, ademais, que Pío Cabanillas desempeñaba desde xullo de 1977 o cargo de Ministro de Cultura e Benestar no primeiro goberno democrático de Adolfo Suárez e, nesta condición, exercía un certo papel de mecenado de proxectos culturais galegos, como o revelan os seus contactos coa RAG desde a primavera de 1977 ou o apoio ao Museo do Pobo Galego, a cuxa inauguración asistiu en outubro do mesmo ano. A inclusión estatutaria do CCG parece, pois, máis debida a retesías grupais no seo da UCD que á influencia externa de Ramón Piñeiro e do seu grupo, nomeadamente o coñecido como *Realidade Galega*, constituído meses máis tarde de que o Estatuto galego fose aprobado no Congreso dos Deputados co texto do artigo 32 que reiteradamente mencionamos. Os feitos *post hoc* non se poden interpretar como *propter hoc*.

En realidade, a peripecia legal do CCG é unha acaída metáfora do que aconteceu na transición democrática, pois ten orixes ben plurais con protagonistas cambiantes e solucións inesperadas. Os resultados non estaban previamente escritos como asegura unha estendida interpretación, hoxe moi en boga, sobre aqueles anos convulsos e creativos. Podería ter sucedido doutra forma. En todo caso, o que importa é entender como foi posible que o CCG adquirise rango estatutario e cal foi o contexto político no que aparece de forma expresa na carta magna da autonomía, sen caer na tentación do “futuro pasado”, isto é, dar por suposto que os actores dun proceso histórico actúan coñecendo o futuro dos seus actos. O exemplo do CCG é ben ilustrativo desta mala práctica, dado que se acostuma analizar polos seus resultados aparentes (que Piñeiro fose o seu primeiro presidente) e non polos camiños que debeu transitar antes de chegar a aquel punto, como se desde o inicio do proceso autonómico estivese escrito que aquel sería necesariamente o seu presidente e, *deinde*, o seu principal mentor. Xa vimos, e volveremos velo de contado, que non foi tal.

A institución, que non fora mencionada no *Estatuto dos Dezaseis*, foi incorporada e mesmo predefinida na súa composición corporativa polos parlamentarios da UCD que, durante o ano 1979, comandan a “odisea” do Estatuto galego, desde o seu proxecto elaborado en Galicia ata a definitiva promulgación por El Rei o 6 de abril de 1981 (BOE, 29/IV/1981). Neste longo e tortuoso proceso do texto estatutario, o protagonismo esencial foi da UCD, partido que padeceu de forma directa as mobilizacións provocadas pola campaña contra a “aldraxe” do Estatuto. Posteriormente, na posta en marcha da Lei do Consello, o protagonismo esencial foi dun partido que apenas participara no proceso autonómico, pero que resultou vencedor nos primeiros comicios do Parlamento galego, que era a Alianza Popular (AP). Este partido formou goberno en minoría en 1982 e tivo ao seu cargo, a través da presenza de Filgueira Valverde no goberno, a elaboración e aprobación da Lei do CCG. Pero cando o Consello da Cultura comeza a súa andaina institucional, o primeiro presidente da institución elixido internamente polos seus membros foi o galeguista “histórico” Ramón Piñeiro, naquela altura membro do Parlamento galego, como independente, no grupo do PSdG-PSOE. Dito en poucas palabras, esta é unha institución que nace desde un sector da UCD, que se desenvolve cunha lei promovida desde un goberno de AP e que é posta en marcha baixo a dirección dun conspicuo representante do galeguismo “histórico” do grupo Galaxia, pero pertencente ao grupo parlamentario socialista. Sería difícil lograr de forma deliberada unha solución política con semellante pluralidade desde as súas orixes.



## DO ESTATUTO A UNHA LEI ESPECÍFICA

O mandato estatutario sobre a “defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego” está vinculado á futura constitución de dúas institucións que deberían ser obxecto dunha lei do Parlamento: o Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega. Pero aquel mandato podería ser adiado e mesmo nunca ter sido levado a cabo. Foi o que lle aconteceu ao Fondo Cultural, nunca desenvolvido nos termos previstos, debido á complexidade que presentaba, a criterio do Conselleiro de Facenda naquela altura, o profesor Carlos Otero Díaz. Pola contra, o desenvolvemento lexislativo do CCG foi moi rápido, pois foi unha das primeiras decisións en materia cultural que toma o goberno presidido por Xerardo Fernández Albor. O punto de que se partía era relativamente incerto. Non había precedentes comparados nin o propio texto estatutario era explícito sobre competencias e composición desta institución. O que no anteproxecto estatutario parecía claro (composición corporativa e representativa do sector cultural), desaparecera do texto finalmente aprobado no Congreso dos Deputados e logo referendado no plebiscito de Nadal de 1980.

Era preciso, pois, deseñar *ex novo* unha institución que non fora imaxinada para unha Galicia do 2002, nin dispuña de referentes tanto na tradición autonomista galega como na arquitectura institucional das outras “nacionalidades históricas”. Neste punto do proceso, adquire especial relevo a figura de Filgueira Valverde que, como Conselleiro adxunto á Presidencia para Asuntos Culturais, promove os traballos conducentes a cumprir esta previsión estatutaria. O primeiro paso foi a creación, mediante decreto do 17 de febreiro de 1982 (DOG, 13/III/1982), dun *Consello asesor da Cultura Galega* para elaborar as bases do que serían as dúas institucións previstas no artigo 32. No decreto non se indica cal debía ser a composición deste grupo asesor, de modo que ficou a criterio do conselleiro escoller os seus integrantes e marcar as prioridades dos traballos a realizar.

Este consello asesor (por algúns considerado xa daquela como “provisorio” ou ponte para o definitivo CCG) estivo composto por vinte e dous membros, dos que once representaban a institucións –como suxería a primeira redacción estatutaria– e outros once foron nomeados a título particular. O seu presidente foi o propio Filgueira e actuou como secretario o arquitecto Rafael Baltar Tojo (do Museo do Pobo Galego). A escolla dos integrantes non debeu ser tarefa especialmente difícil. Segundo as notas persoais de Filgueira, houbo algunhas indecisións á hora de escoller de forma directa institucións que debían ser incorporadas a este Consello asesor (Museos, Academias de Belas Artes ou Medicina, Música en Compostela), pero as súas ausencias en parte eran compensadas a través de persoeiros que, aparentemente, foran chamados por outros criterios (Rafael Baltar Tojo, Enrique Vidal Abascal, Ramón Castromil, Manuel Sánchez Salorio...).

Houbo algúns cambios significativos, como a substitución de Carlos Casares (que se incorporaría pola RAG) a favor de Pablo Moure Mariño e a de Camilo J. Cela, que é substituído por Adolfo de Abel Vilela. Quedarían fóra algúns nomes ilustres que aparecen de cando en vez nas notas de traballo do Conselleiro Filgueira, como Xaquín Lorenzo ou Margarita Pastor (mecenaz de Música en Compostela), pero, en conxunto, o elenco escollido representaba a pluralidade cultural galega, coa excepción do asociacionismo de orientación política nacionalista de esquerda. As principais figuras do grupo Galaxia, do grupo Sargadelos, da Universidade e mesmo algún retornado do exilio, como Ramón Martínez López, foron convocados á tarefa de deseñar a Lei do CCG.

O Consello asesor ficou finalmente composto polas seguintes persoas. Como representantes das institucións, alén de Presidente e Secretario, estaban Xosé María Suárez Núñez (reitor da USC), Carlos Casares (parlamentario, PSdG-PSOE e membro da RAG), Manuel Iglesias Corral (parlamentario, UCD; Academia de Xurisprudencia e Lexislación), Francisco J. Río Barja (Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”), Uxío Romero Pose (Instituto de Estudos Xacobeos), Ramón Lorenzo (Instituto da Lingua Galega), Francisco Fernández del Riego (Fundación Penzol), Joaquín Arias y Díaz de Rábago (Fundación Barrié de la Maza) e Agustín Sixto Seco (Padroado Rosalía de Castro). As once persoas que estaban a título individual eran Adolfo de Abel Vilela (parlamentario, AP), Xesús Alonso Montero (profesor), Ramón Castromil (parlamentario, AP), Manuel Chamoso Lamas (director do Museo das Peregrinacións), Manuel C. Díaz y Díaz (profesor), Isaac Díaz Pardo (empresario, Sargadelos), Ramón Martínez López (profesor), Pablo Moure Mariño (parlamentario, AP), Ramón Piñeiro (parlamentario, PSdG-PSOE e membro da RAG), Manuel Sánchez Salorio (profesor) e Enrique Vidal Abascal (profesor). Dito en termos politicamente máis significativos, neste grupo asesor están presentes seis parlamentarios en activo (tres de AP, dous [independentes] do PSdG-PSOE, un da UCD), seis asinantes do manifesto *Realidade Galega*, oito profesores universitarios, algún membro de partido extraparlamentario e, mesmo, un retornado do exilio nos EE.UU. e presidente do renacido Partido Galeguista. Todo o panorama político da Galicia de principios dos oitenta, coa excepción do novo nacionalismo, tanto posibilista como propiamente antiautonomista, estaba presente nesta Comisión e así se explica parcialmente que no debate parlamentario da Lei do Consello se rexistrasen poucas voces discordantes, mentres que serían ben contundentes as críticas procedentes do asociacionismo cultural ou do que impropriamente se denomina “sociedade civil”, como logo se verá.

Este grupo asesor do Conselleiro Filgueira Valverde fixo o seu traballo esencial na segunda metade do ano 1982. Constituído no pazo de Raxoi o 17 de maio, coa presenza das principais autoridades autonómicas (presidentes da Xunta e do

Parlamento, así como os Conselleiros Xosé Luís Barreiro Rivas e Carlos Otero Díaz), reuniuse en tres sesións plenarias celebradas entre setembro e novembro do mesmo ano, achegando como traballo final un anteproxecto de Lei do Consello da Cultura Galega que logo pasaría aínda unha estrita peneira dos servizos xurídicos da Xunta de Galicia, antes de ser aprobado polo Goberno e remitido ao Parlamento. Nas “Palabras do Conselleiro” pronunciadas na sesión de constitución, comeza por admitirse que son dúas as institucións (“orgaismos”, di Filgueira) que deben ser obxecto de desenvolvemento lexislativo, aínda que, como se advirte na intervención de Filgueira, o programa de acción proposto reúne os trazos básicos do que acabaría por ser a columna vertebral do CCG. Nas palabras de Filgueira ecoan algúns referentes dos seus anos mozos, sen deixar de recoñecer as mudanzas que Galicia estaba daquela a vivir, ao tempo que prefiguraba os métodos de traballo da institución:

En Galicia vivimos o tránsito acelerado da cultura agraria e mariñeira á civilización industrializadora, a extensión e os novos roteiros da emigración, o fondo troque das formas de vida. Por sorte, a crisis coincide co recoñecemento da súa personalidade, ca posesión por vez primeira, de órganos propios de goberno nun agromar vizoso das letras e das artes.

A traballar por elas [Consello e Fondo Cultural] sodes chamados neste Consello [Asesor] [...] como órgano de coordinación das entidades que labouran nos eidos da cultura e da lingua, alma da nosa ialma, para enroitar e favorecer as iniciativas que están a xurdir, en tódolos lugares da nosa Terra [...]. E tamén suscitando a realización de estudos e enquisas, a colleita de datos bibliográficos, a versión de obras básicas ou significativas, a promoción de congresos, xuntanzas, coloquios e conferencias, a dotación de becas. Ogallá cheguedes a constituir unha verdadeira “Junta de Ampliación de Estudos”, un “Consello Superior” de Ciencia, das Artes e das Letras.

Nesta sesión constitutiva, de forma congruente coas palabras do conselleiro Filgueira, aparece *in nuce* a estrutura futura do CCG, ao se designaren diversas “ponencias” que se entenden como grupos de traballo sectorial. As “ponencias” creadas son dez, con cadanseu responsábel: Lingua Galega (Ramón Piñeiro), Patrimonio Artístico (Manuel Chamoso Lamas), Patrimonio Bibliográfico e Documental (Manuel Díaz y Díaz), Música e Danza (Ramón Castromil), Teatro (Xesús Alonso Montero), Cinematografía (Adolfo de Abel Vilela), Investigación e Creación Artística (Isaac Díaz Pardo), Investigación de Letras (Francisco Fernández del Riego), Investigación de Ciencias (Xosé María Suárez Núñez), Investigación Socioeconómica (Francisco J. Río Barja). Na acta que dá conta desta sesión advírtese un certo debate entre os membros do grupo, que achegan

propostas complementarias (creación dun “Instituto do Libro” ou “Difusión da cultura galega” cara ao exterior), sen que conste que os debates mantidos polos grupos de traballo chegasen a producir resultados concretos sobre cada unha destas áreas de traballo.

Os dous acordos máis importantes foron os de traballar sobre os anteproxectos de lei das institucións previstas no Estatuto. Unha “ponencia” foi encargada de elaborar o “anteproxecto polo que se ha de rexer o Consello de Cultura” e outra de estudar o “Fondo Económico Cultural”. Para a primeira encomenda, os designados como ponentes foron poucos (Xosé Filgueira, Manuel Díaz y Díaz, Manuel Iglesias Corral, Francisco Fernández del Riego e Pablo Moure Mariño), mentres que para a segunda se incorporan, “a proposta da Xunta”, expertos externos ao grupo asesor (ademais de Joaquín Arias y Díaz de Rábago, Agustín Sixto Seco, Isaac Díaz Pardo e Adolfo de Abel Vilela, tamén figuran Xulio F. Ogando Vázquez, Enrique Marfany Oanes, Valentín Paz-Andrade e Manuel Lucas, os catro vinculados con entidades de aforro e con deputacións provinciais). Dos traballos desta segunda “ponencia” non consta que teña habido propostas concretas, de modo que o Fondo Cultural quedou sen desenvolver, malia que, moitos anos máis tarde, o propio CCG se ocupase deste asunto ao encargar un estudo *ad hoc* ao profesor Pablo González Mariñas, cuxa proposta tampouco prosperaría.

En canto á definición normativa do CCG, o grupo asesor trazou as liñas básicas do anteproxecto. No arquivo Filgueira existen referencias dispersas sobre estas xuntanzas, así como algunhas cartas que conteñen posicións concretas de membros do Consello asesor sobre o sentido que debería predominar na definición da futura institución. En realidade, tanto neste debates previos como nas emendas presentadas polos grupos parlamentarios no proceso de discusión da lei, hai dous puntos esenciais que parecen ser a preocupación máis constante, tanto naquela altura como en diversos momentos da posterior biografía da institución. Estes puntos son: a) composición do CCG e o equilibrio interno entre representantes institucionais e persoais e b) relación entre o CCG e as institucións de goberno da nacente autonomía: debería primarse a súa independencia e pluralidade ou, pola contra, admitir unha dependencia orgánica do poder executivo?

Permítaseme unha breve digresión para subliñar o feito de que estes puntos de debate agochan decisións estratéxicas moi complexas, que están intimamente vinculadas coas dinámicas do sector cultural e coas relacións que manteñan os poderes públicos con este tipo de institucións asesoras. As alternativas baralladas a principios dos anos oitenta, tanto na discusión do perfil do CCG como na súa evolución posterior, seguen a ser motivo de debate político nos nosos tempos, porque resulta complicado regular o xogo entre as funcións representativas do sector coas funcións asesoras e, nomeadamente, coa capacidade executiva de políticas públicas en materia cultural. Escoller institucións asesoras,

representativas ou executivas supón asumir modelos moi diferentes de xestión para o ámbito da cultura, que van desde o modelo do *British Council* ata os *Consejos Nacionales de Cultura*, moi frecuentes nas repúblicas iberoamericanas, que na práctica exercen como auténticos ministerios de cultura. Por estas razóns, tanto a composición destas institucións culturais como as súas funcións e dotación de recursos orzamentarios non son asuntos doados de resolver. Un exemplo de como se articularon estas institucións en diferentes marcos autonómicos (Cataluña, País Vasco, Valencia ou Galicia) pode verse no foro de debate organizado polo CCG en abril de 2009, ao que me remito, no que se confrontaron modelos diversos tanto na composición como nas funcións e competencias. Como acabou por sinalar Ramón Zallo, coordinador do *Plan Vasco de Cultura*, dado que “no hay modelo ideal”, debe aspirarse a construír un proxecto que sexa flexible, compartido e recoñecido polos actores culturais.

Retornemos ao noso asunto e situemos no tempo os debates deste Consello asesor que estaba a imaxinar o futuro CCG. As súas apostas foron claras: composición corporativa, pero matizada coa presenza de persoeiros a título individual; función basicamente asesora e non executiva; independencia política pero integración no marco institucional da autonomía e, finalmente, certa indecisión ao trazar a delgada liña que divide a función asesora da dimensión protectora e “alertadora” sobre a situación da cultura e dos seus principais elementos (lingua, patrimonio cultural e material...). Sería inxusto demandar dos membros deste grupo asesor, e mesmo dos parlamentarios que logo discutiron o proxecto de lei, que resolvesen acidamente todos estes pormenores. Pero o mellor que se pode dicir é que foron conscientes destes problemas, tanto no que se refire á composición do CCG como á súa dependencia orgánica. Por exemplo, para Sixto Seco, o Consello da Cultura debería estar formado prioritariamente por quince representantes de “outras tantas institucións académicas, culturais e científicas, tanto oficiais como privadas, con implantación en Galicia” ademais de dez “persoalidades sobranceiras nos campos das artes, das letras, das ciencias e, en xeral, da cultura do País Galego” (carta a Filgueira, 20/IX/1982). En cambio, para Díaz Pardo serían dabondo vinte membros, pero cunha distribución totalmente distinta: tres da Universidade compostelá e tres da Real Academia Galega que, presididos polo Conselleiro, escollerían “os outros 14 membros electivos”, porque esta fórmula acadaría “máis unanimidade tamén no Parlamento” por se tratar das “dúas entidades máis vellas da cultura galega, creadas denantes dos últimos 50 anos críticos” (carta a Filgueira, 17/IX/1982).

En canto á dependencia orgánica do CCG, o debate foi máis intenso, a vulgar polo resumo da acta da xuntanza celebrada en setembro de 1982 e tamén á vista dalgunhas emendas ou suxestións presentadas. En contra dunha dependencia orgánica da Consellería de Cultura, como sostiña o texto da “ponencia” e o propio

Filgueira, opuxéronse voces como as de Piñeiro e Fernández del Riego, que sostiveron que só debería admitirse unha “dependencia administrativa”, porque, en palabras do propio Piñeiro, para asesorar a un Conselleiro non se precisa ningunha lei, de modo que o obxectivo daquel grupo asesor debería ser “conseguir para o Consello unha función independente”. De semellante opinión, manifestada por escrito, era Sixto Seco, ao “concebir o Consello como unha institución absolutamente autónoma” e só de forma administrativa estar “incardinado” na estrutura da Xunta de Galicia (carta a Filgueira, 20/IX/1982). Tamén Alonso Montero se preguntaba se “¿está o Consello da Cultura Galega configurado coa independencia posible?” (carta a Filgueira, 14/IX/1982), mentres que Chamoso Lamas lle indica a Filgueira que, aínda aceptando esta dependencia, debería ter en conta as “atinadas observacións” críticas de Piñeiro e que as funcións do Consello deben ser “suficientemente especificadas no proxecto” (carta do 17/IX/1982). O criterio da independencia orgánica do poder executivo prevaleceu, así como a defensa da súa capacidade de iniciativa e protección en materia cultural.

O proxecto de Lei do CCG, unha vez superado o control de legalidade dos servizos xurídicos da Xunta –que modificaron algúns artigos do texto–, foi enviado ao Parlamento galego en abril de 1983 e aprobado en forma de lei en xullo do mesmo ano, con algunhas modificacións de contidos e varias melloras de estilo despois da súa tramitación parlamentaria. Na exposición de motivos da Lei e, desde logo, nas intervencións de Filgueira Valverde no curso do debate, están recollidos os criterios do Consello asesor e tamén o pensamento do propio conselleiro, quen defendeu unha concepción da cultura como un acto de “preservación” da “memoria histórica” e da “vizosa tradición” que “distingue á nosa nacionalidade”. A esencia do Consello da Cultura, que manaba da propia vontade estatuínte de ser concibido como unha institución corporativa, foi revalidada na lei de creación coa decisión de que o seu Plenario tivese unha maioría de representantes de entidades culturais existentes daquela en Galicia, fosen ben antigas (caso da universidade) ou de moi recente constitución (Seminario de Estudos Galegos, Academia Galega de Ciencias...). Neste sentido, o CCG foi definido polos parlamentarios galegos como un “corpo asesor e consultivo con capacidade de iniciativa, investigación e organización, dotado de personalidade xurídica e composto por membros representativos de entidades dos campos diversos da cultura e tamén por personalidades sobranceiras que contribuirán ao desenvolvemento cultural de Galicia”. Dito con outras palabras, isto significaba apostar pola independencia e o pluralismo da institución fronte á alternativa dunha vinculación política moito máis explícita, como pensaban algúns parlamentarios galegos ao propoñeren colocar o CCG en dependencia orgánica do departamento do goberno autonómico titular dos asuntos culturais.

Durante o debate parlamentario mantido na tramitación da lei houbo unha emenda á totalidade do proxecto e varias intervencións moi críticas, en especial

sobre a composición do CCG, considerada o “nó gordiano” do asunto. As voces máis discordantes co proxecto, tanto no debate en comisión coma no pleno do Parlamento, foron as de Camilo Nogueira (Esquerda Galega) e Anxo Guerreiro (Partido Comunista de Galicia), pero tamén houbo abondosas emendas do grupo parlamentario do PSdG-PSOE (subscritas por Ceferino Díaz e defendidas por Miguel Barros) e algunhas achegas *in voce* do grupo dos centristas (Xosé M. Pardo Montero). A crítica á composición do CCG foi contundente, ao cualificalo como unha institución “endogámica, antidemocrática, inoportuna, inaxeitada” (Nogueira) ou ser un “intento de monopolizar ou oficializar, por unha minoría absoluta, a cultura galega” (Guerreiro). Fronte a estas críticas algo destemperadas, os restantes grupos parlamentares apoiaron ou emendaron parcialmente o proxecto inicial, que resultou algo mellorado no curso do debate parlamentario.

O esencial do debate estaba no perfil corporativo ou político da institución, isto é, na alternativa entre unha institucionalización da cultura galega ou unha concepción desta como un campo de combate político que “permita construír un país moderno e dinámico” (Guerreiro), pero no que primase a estratexia do activismo e da dinamización cultural como un recurso de normalización da cultura e da identidade galegas. E aínda que un dos parlamentarios máis críticos (Nogueira) se manifestase explicitamente contra a “italianización” das institucións —no sentido da *lotizzazione* política destas—, o certo é que o esencial das propostas críticas consistía en modificar a composición do CCG, coa incorporación de representantes de concellos, colexios profesionais, centros de ensino e investigación e, mesmo, persoeiros elixidos polo propio Parlamento. Malia que a maioría destas propostas non foron aceptadas en toda a súa extensión, tiveron lugar algúns cambios na súa composición, aceptando a incorporación de novas institucións (Seminario de Estudos Galegos) ou diluíndo a presenza doutras, como o Museo do Pobo Galego, que é reconducido a unha representación xenérica dos museos galegos, así como non mencionar *expressis verbis* as dúas fundacións que estaban no proxecto inicial (Barrié de la Maza e Penzol), por máis que logo resultasen ser as escollidas como entidades fundadoras polo primeiro plenario do CCG. Tamén foi discutida, con menor afouteza, a concepción da cultura que estaba no espírito da Lei e dos seus promotores, definida explicitamente como “preservacionista” e defensora do patrimonio cultural galego, fronte a unha concepción máis intervencionista e mesmo executiva que defendían estas voces críticas.

## CODA FINAL

O esencial do proxecto foi mantido en vigor e trasladado á Lei 8/1983, asegurando o perfil asesor e consultivo da institución, a súa independencia política e orzamentaria e o seu pluralismo representativo. A aprobación dos sucesivos artigos

da Lei e, por tanto, o texto no seu conxunto recibiu un apoio moi maioritario dos parlamentarios galegos pois, en rigor, só se rexistraron nas votacións do articulado dous votos en contra e algunha abstención, fronte a máis de cincuenta votos favorables na maioría do seu articulado. As moi pesimistas previsións formuladas por un dos críticos (Guerreiro) de que aquela lei sería das primeiras en ser cambiada no inmediato futuro non se cumpriron e moi axiña comezou a súa andaina institucional e a súa posta en funcionamento. O promotor da Lei, o Conselleiro Filgueira Valverde, soñaba para a institución que estaba a nacer un futuro de prestixio porque “tocará decisivamente aspectos moi fondos do cultivo do noso espírito”. Os soños de Filgueira apenas puideron cumprirse desde a súa condición de membro do goberno galego, do que foi arredado ao transferir en setembro de 1983 as competencias de cultura á Consellería de Educación, de modo que non puido presidir a primeira sesión constitutiva da nova institución, realizada o 17 de setembro de 1983, na que só participaron os representantes das institucións fundadoras do CCG. Pero, ao pouco tempo, o profesor Filgueira pasou a formar parte do plenario da institución e, anos andados, sería elixido tamén presidente.

Filgueira Valverde foi elixido membro do Consello da Cultura, na cota dos dez persoeiros previstos na Lei, na segunda sesión plenaria, celebrada o 18 de outubro de 1983. Nesta escolla, Filgueira entrou na compañía de Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Antonio Fraguas, Víctor F. Freixanes, Constantino García, Ramón Piñeiro e Andrés Torres Queiruga. Cinco destes persoeiros procedían do antigo Consello asesor, o que pode interpretarse como mostra da denunciada “endogamia” ou, tamén, como vontade de reforzar unha institución que nacía con apoio político e parlamentario, pero con críticas moi severas de parte dun sector da cultura. Dúas semanas máis tarde, tivo lugar unha terceira sesión para elixir os cargos directivos, na que resultou escollido como presidente Ramón Piñeiro (doce votos), entre outros candidatos propostos como Isidro Parga Pondal (dous votos), Ramón Martínez López (dous votos) e o propio Filgueira (un voto), alén de dous votos en branco. A elección de Piñeiro e a plural composición do equipo directivo da institución (Constantino García e Xesús Alonso Montero, vicepresidentes, e Agustín Sixto Seco, secretario) revela que os membros do CCG eran conscientes de que a institución precisaba un plus de lexitimidade fronte “á marusía de protestas” (a expresión é de Avelino Abuín de Tembra) con que foi recibida a súa constitución oficial no outono de 1983, nun tempo no que a propia política cultural da Xunta de Galicia acometera un cambio de rumbo coa separación do goberno do Conselleiro Filgueira e a escolla do xornalista Luís Álvarez Pousa como director xeral de cultura.

Desde logo, a recepción pública da institución e mesmo do seu equipo directivo foi crítica, a xulgar polos artigos de opinión que se publican naquela altura.



Nestes primeiros tempos do CCG seguiron estando presentes os debates que viñan de vello, isto é, a representatividade da institución, as súas funcións e o seu papel no xogo institucional da autonomía. Que as críticas se concentrasen excesivamente na identidade dos membros do plenario do CCG non era sinal de que o debate fose de altura. Primaba máis unha concepción instrumental da institución do que unha reflexión sobre o papel que a cultura debe desempeñar nunha sociedade democrática. A institución gozaba dunha clara lexitimidade de orixe, pero precisaba ir construíndo a lexitimidade de exercicio, o que un dos seus membros (José Antonio Gómez Segade) chamou en varias ocasións a procura de *auctoritas* por parte do CCG. Nesta conxuntura cómpre aludir a dous aspectos non menores da imaxe pública e institucional do Consello da Cultura. O primeiro é a súa composición, con frecuencia cualificada de “couto privado” por aqueles que non formaban parte do mesmo e que resulta difícil de admitir á vista dos nomes que integraban o primeiro plenario do CCG, onde se combinaba axeitadamente tradición e lexitimade histórica (Antón Fraguas, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo...) con solvencia universitaria (Xosé María Suárez Núñez, Ernesto Vieitez Cortizo, Ramón Lorenzo, José Antonio Gómez Segade) e con figuras máis novas procedentes de campos moi diversos (Francisco Díaz-Fierros, García Martínez, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Víctor F. Freixanes). Pero tamén era claro que figuras relevantes da creación no campo da literatura, das artes ou da música, por mencionar só algúns sectores, non estaban presentes.

Outro asunto foi a recepción pública e mediática que tivo a constitución do CCG, a elección do seu primeiro presidente e as primeiras accións que comezou a desenvolver. Abonda repasar un pouco as páxinas dos xornais daqueles meses para comprobar que as críticas ao CCG predominaron claramente. A Asociación de Escritores en Lingua Galega, ben molesta por non formar parte da institución, alcumouno de “museo de momias e caciquil” (*El Correo Gallego*, 13/XI/1983) e poucos días antes, “medio cento de asociacións culturais” asinaron un “escrito de denuncia contra a composición do Consello da Cultura Galega” por consideralo “sectario”, “inquisitorial” e, desde logo, non representativo do sector que se autodefine como o que “actualmente configura o proceso de creatividade e de difusión das ideas” en Galicia (*La Voz de Galicia*, 4/XI/1983). Esta confrontación non era irrelevante, pois formaba parte dun conxunto de críticas ás institucións autonómicas consideradas artificiais e non representativas (“o parlamento de cartón”) e, en conxunto, ao réxime autonómico que era rexeitado desde posicións políticas radicais de esquerda. Con todo, o asunto esencial nunca se enunciou debidamente: que modelo de xestión cultural se aspiraba a construír no novo réxime autonómico, sobre todo á vista da “transición cultural” que tivo lugar en España, nomeadamente coa xestión do ministro Javier Solana, no primeiro

gobierno de Felipe González, que apostou por asentar unha “democracia cultural” de inspiración francesa, de Malraux a Jack Lang. No caso galego, infelizmente, ese debate non tivo lugar nin desde o campo institucional nin tampouco desde o ámbito dos actores da cultura e do asociacionismo.

Os primeiros anos da andaina da institución non foron, por tanto, doados tampouco desde o punto de vista interno. Alén das dificultades materiais en que se encontraba (orçamento escaso, sé itinerante ata o seu asentamento no pazo de Raxoi), subsistía o problema esencial de como ir construíndo o espazo institucional no que debía traballar o CCG. Tratábase de lograr unha lexitimidade de exercicio fronte a críticas externas pouco argumentadas, máis tamén trazar o caderno de bitácora da súa navegación con actividades e con propostas que fosen coherentes co mandato estatutario e co deseño feito pola lei de creación da institución. Algúns incidentes menores, como a cea ofrecida de forma indebida en nome do Consello ao presidente Jordi Pujol en Lugo (abril de 1984), ou problemas máis complicados, como o traslado dos restos de Castelao ao Panteón de Galegos Ilustres (xuño de 1984), crearon desazóns internas que xustificaron o abandono da institución por parte de membros tan significados como Alonso Montero ou Díaz Pardo. O desánimo chegou a ser tan evidente que, na sesión plenaria de outubro de 1984, a palabra máis repetida foi a “crise que está atravesando o Consello”, ata o punto de que todo un vicepresidente (Constantino García) puido aseverar que ata agora “o traballo realizado foi nulo”, diagnose que o presidente Piñeiro só puido temperar coa observación de que “tódolos conselleiros poden realizar propostas de traballo e non se recibeu ningunha”.

Era preciso actuar e aínda chegarían novos desafíos nos que se poría a proba a capacidade do CCG para manter a súa independencia e, ao propio tempo, non perder a capacidade de diálogo institucional (por exemplo, con ocasión da Sentencia do Tribunal Constitucional sobre a Lei de Normalización Lingüística). Para saír daquel *impasse*, nada mellor que acometer proxectos ambiciosos e deseñar un plano de acción para a institución. Un exemplo do primeiro foi, sen dúbida, o congreso internacional sobre “Rosalía de Castro e o seu tempo”, realizado conxuntamente coa universidade de Santiago de Compostela no verán de 1985 e que constitúe un referente case fundacional para o CCG, camiño que non seguiu con ocasión do centenario do nacemento de Castelao (1986), pero que sería continuado con outras figuras da cultura galega, desde Otero Pedrayo (1988) ata Frei Martiño Sarmiento (1985). Era un dos piares que o conselleiro Filgueira imaxinaba como área de traballo do futuro CCG. O outro pilar era o labor de “mapear” a cultura galega, de analizar os seus problemas sectoriais e de ofrecer un parecer razoado por parte dunha institución que, se quería ser digna da condición asesora, non podía demorar. Daquelas discusións sobre a situación de crise do Consello naceu un “programa de acción cultural”, cuxa redacción se

Ile encargou ao membro máis mozo da institución, Victor Freixanes, que xa foi tomado en consideración na sesión de decembro de 1984, na que se aceptou a creación de tres comisións de traballo (Lingua, Patrimonio cultural e Patrimonio natural), que ofrecerían algúns dos resultados máis sólidos do traballo do CCG na década dos oitenta.

O Consello da Cultura foise asentando progresivamente e, trala morte de Piñeiro en 1990, foi elixido presidente Filgueira Valverde, de modo que esta figura ocupou, desde a súa chegada ao primeiro goberno da Xunta de Galicia ata a súa morte en 1996, un papel central no deseño e posta en funcionamento do CCG. A historia non foi inxusta co profesor pontevedrés, porque durante toda a súa vida se esforzou por erguer institucións culturais e tivo a oportunidade, na sazón vital da súa senectude, de contribuír decisivamente á creación da primeira institución pública da cultura galega. Un país sen cultura non é digno de entrar na historia, pero un país sen institucións culturais solidamente asentadas é como un “dique de area” que comodamente achaián as primeiras chuvias do outono.

As institucións poden non ser de todo representativas nin estaren ben deseñadas as súas competencias e funcións, pero é evidente que só as sociedades complexas e articuladas son capaces de crear organizacións nas que confiar e, por tanto, evitar a tentación de se encomendar á capacidade mesiánica e salvadora dos individuos. Un síntoma da modernidade de Galicia foi a súa floración asociativa, na Terra e na Emigración; pero este cimento asociativo debe permitir, en tempos democráticos, que aparezan institucións que representen o sentir maioritario dunha comunidade política. O Consello da Cultura Galega naceu nun tempo preciso, o de construción da autonomía, e nun contexto político tamén preciso, de recuperación da democracia política e do autogoberno. Foi unha obra máis colectiva e plural do que parece, pero se tiveramos que escoller unha figura individual para representar este percurso institucional, esa foi sen dúbida Filgueira Valverde, que tivo a dupla fortuna de ser un deseñador dos fins da institución e, como presidente, un executor deles.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Gurriarán, Ricardo (coord.) (2012): *Un canto e unha luz na noite: asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)* [catálogo da exposición]. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Meilán Gil, José Luís (2009): “Intervención no congreso *Ramón Piñeiro e o galeguismo*”, *Boletín da Real Academia Galega* 370, 27-32.

Seminario “Galicia 2002” (1978): *Galicia 2002. A través da imaxinación creadora*. Santiago de Compostela: Universidade / Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia.

Villares, Ramón (2015): “A creación do Consello da Cultura Galega. O papel de Xosé Filgueira Valverde”, en Luís Cochón e Laura Mariño Taibo (eds.), *Filgueira Valverde homenaxe. “Quíxose con primor e feitura”*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 445-458.